



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA | |

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE MARZO DE 2022.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. José Ramón Rioboo Castro

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de marzo do ano dous mil vinte e dous, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía de data vinte e catro de marzo de dous mil vinte e dous), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. alcalde D. José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 21 DE MARZO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 21 de marzo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (da Sra. alcaldesa en funcións, Pombo Carril, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira Iglesias Becerra a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de marzo de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á CONVOCATORIA E ÁS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUIÓ A LINHA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) (5 CONSERXES).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 10 de marzo de 2022 (código de documento UPO16I00FW), relativa á contratación laboral temporal de 5 persoas, conserxes, que transcrita di:

"PROPOSTA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS CONVOCATORIA



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Proposta convocatoria contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluída a liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL) (5 conserxes)

O día 8 de marzo de 2022 a xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego emitiu informe, coa conformidade do concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, solicitando o inicio dos trámites para a contratación de 5 conserxes segundo o disposto na convocatoria e nas bases reguladoras de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluída a liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL) publicadas no BOP número 18 do 27 de xaneiro de 2022 e BOP número 22 do 12 de febreiro de 2022.

O día 23 de febreiro de 2022 o Concello de Culleredo solicitou a adhesión ao programa PEL-CONCELLOS 2022 cunha axuda por importe de 42 856,29 euros para a contratación de 5 conserxes, por un período de 6 meses de acordo co establecido no anuncio da Deputación Provincial da Coruña relativo ás *Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL)* (BOP número 18 do 27 de xaneiro de 2022)

A contratación deste persoal estaría subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña.

De acordo co anterior, e visto o informe do xefe do Gabinete técnico do día 10 de marzo de 2022, código documento número UPO16I00FO, considerando que a contratación é excepcional e prioritaria e está debidamente xustificada a necesidade e urxencia da mesma

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A contratación laboral temporal de 5 persoas, conserxes, de acordo co seguinte detalle:

- A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á concesión da citada subvención por parte da Deputación Provincial da Coruña.
- A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de carácter temporal cunha duración de 6 meses, 2 conserxes a xornada completa, e 3 cunha xornada parcial de 25 horas/semanais, o que supón unha xornada parcial do 66,70 %.
- As persoas contratadas percibirán o salario bruto mensual correspondente ao 100 % da xornada e ao 66,70 % da xornada do salario bruto mensual regulado para o grupo profesional V, complemento de categoría 11 e cun complemento específico de 39 puntos, isto é 1281,52 € para a xornada completa e 854,77 para a xornada parcial, incluída a prorrata da paga extra.
- As persoas a contratar serán seleccionados de acordo co procedemento establecido nas seguintes bases específicas:

BASES DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN

1. Requisitos dos candidatos/as

Os aspirantes, terán que reunir os seguintes requisitos:

1.1. Nacionalidade. Cúmprese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ser español.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados internacionais celebrados pala Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexe o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados internacionais celebrados pala Unión Europa e ratificados por



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA | |

España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.

d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, senda titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

1.2. Capacidade legal. Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

1.3. Capacidade funcional. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.4. Habilitación. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administración Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

1.5. Estar en situación de desemprego e inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada e atoparse na algúnhha das seguintes situacións de exclusión social* (Base 4.2 do Programa de axudas a contratación de persoas desempregadas en risco de exclusión sociolaboral para a prestación de servizos municipais imprescindibles. PEL Deputación – Concellos 2022, BOP nº18, do 27.01.2022):

- Mulleres (ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes).
- Maiores de 45 anos.
- Pessoas desempregadas de longa duración (persoas que levan un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego).
- Pessoas con discapacidade.
- Pessoas en situación de drogodependencia.
- Pessoas que viven nun fogar onde ningún teña emprego.
- Pessoas con fogar monoparental.
- Pessoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Pessoas vítimas de violencia de xénero.
- Pessoas sen fogar.

C.I.F.P-1503100-H

| * Situación de exclusión sociolaboral | * Documentación acreditativa |
|---|---|
| Mulleres, persoas maiores de 45 anos | Fotocopia DNI |
| Pessoas desempregadas de longa duración (1 ano inscritas como demandantes de emprego) | Informe de vida laboral actualizado |
| Pessoas con discapacidade | Certificado acreditativo de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria |
| Pessoas en situación de drogodependencia, con | |

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA | |

| | |
|--|---|
| problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestiós socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sin fogar; víctimas de violencia de xénero | Informe dos servizos sociais municipais |
|--|---|

2. Solicitud persoas desempregadas en risco de exclusión sociolaboral e presentación da documentación acreditativa dos méritos

2.1. O Concello de Culleredo deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación da oferta específica nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.2. A oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia notificará ás persoas candidatas a súa presentación no Concello de Culleredo (Centro de Formación e Emprego "Pablo Picasso") O día de presentación no Concello de Culleredo, se lles entregará aos candidat@s copia das bases de contratación. Os candidat@s firmarán un documento de recepción da citada copia con consignación da data de entrega.

2.3. As persoas candidatas disporán dun prazo de 5 días hábiles dende o día da presentación no Concello de Culleredo sinalado pola Oficina Pública de Emprego, para a presentación da seguinte documentación:

- copia do documento nacional de identidade ou documentación acreditativa do requisito de nacionalidade.
- documentación acreditativa de cumplir o requisito de exclusión sociolaboral na base 1.5.
- documentación acreditativa da situación a avaliar de acordo co disposto na base 4.

C.I.F.P-1503100-H No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo sinalado. A presentación da documentación poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, , de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres .

Tendo en conta o carácter urgente da convocatoria, e para evitar posibles perxúizos para o solicitante, a presentación da documentación acreditativa dos méritos que se posúan por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía correo electrónico ao endereço electrónico persoal@culleredo.es.

3.-Comisión de Avaliación

3.1 A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por unha Comisión de Avaliación composta por un/unha presidente/a, tres vogais e a Secretaria xeral do Concello ou a persoa que ocupe a Secretaría xeral de xeito accidental e que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. A súa composición será predominantemente técnica.

3.2 A Comisión non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, incluíndo en todo caso ao/a presidente/a e ao/a secretario/a. En caso de ausencia da presidencia e do seu suplente, o posto será desempeñado polos vogais, titulares ou suplentes, pola orde de prelación que se estableza no nomeamento. Todos os membros da comisión actuarán con voz e con voto.

3.3. Os membros da Comisión de Avaliación terán que absterse de intervir, notificándoo ao Alcalde/sa, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargarán das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a poderá solicitar dos membros da Comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base.

| | |
|--|--------------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión de Avaliación cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3.4. A Comisión resolverá todas as dúbidas que poderan xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación da Comisión axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico do sector público.

4 . Selección de traballadoras e traballadores a contratar

O proceso selectivo realizarase de acordo co seguinte procedemento:

4.1. Avaliación circunstancias relacionadas coa súa situación ou risco de exclusión sociolaboral

A avaliación das circunstancias relacionadas coa súa situación ou risco de exclusión social farase de acordo co seguinte baremo:

4.1.1. Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administarcóns Pùblicas.: (Máximo 3 puntos)

- Programa rematado favorablemente.....1

Acreditarase mediante certificados ou documentos acreditativos expedidos polas entidades organizadoras.

4.1.2 Antigüidade como Demandante de Emprego (Máximo 1 punto)

- | | |
|--------------------------|-----|
| • De 12 a 18 meses | 0.5 |
| • Máis de 18 meses | 1 |

Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado.

C.I.F.P-1503100-H

4.1.3 Protección por desempleo (Máximo 3 puntos)

- | | |
|--|---|
| • Perceptores de prestacións por desempleo..... | 1 |
| • Perceptores de subsidios desemprego ou sociais | 2 |
| • Non perceptores | 3 |

Acreditarase mediante certificados do SEPE e/ou Seguridade Social e/ou Xunta de Galicia

4.1.4 Responsabilidades familiares (membros da unidade familiar a cargo da candidata/o, incluíndo cónxuge e fillos ou acollidos menores de 26 anos, fillos ou acollidos maiores de 26 anos incapacitados). (Máximo 2 puntos)

- | | |
|--|-----|
| • Unidade familiar de ata 3 membros (candidata/o, cónxuge e 1 fillo/acollido) | 1 |
| • Unidade familiar de ata 4 membros (candidata/o, cónxuge e 2 fillos/acollidos) | 1.5 |
| • Unidade familiar de máis de 4 membros (candidata/o, cónxuge e 3 ou máis fillos/acollidos) | 2 |
| • Unidade familiar monoparental de 2 membros (candidata/o e 1 fillo/acollido) | 1 |
| • Unidade familiar monoparental de máis de 2 membros (candidata/o e 2 ou máis fillos/acollidos)... | 2 |

Acreditarase mediante Informe dos Servizos Sociais Municipais.

4.1.5 Usaria o Usuario do Servizo de Formación e Emprego Municipal. (Máximo 1 punto)

- Por ser usuaria/o do Servizo Municipal de Formación e Emprego

5 de 14



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Acreditarase mediante Informe do Servizo de Formación e Emprego Municipal.

Os/as aspirantes ordenaranse de maior a menor puntuación. Pasarán a seguinte fase (proba psicotécnica) os/as aspirantes con puntuación igual ou superior a 5 puntos. No caso de que o número de aspirantes con puntuación igual ou superior a 5 puntos fóra inferior ao de número de persoas que se queren contratar, incrementarase de acordo co orde establecido, o número de aspirantes que continuarán no proceso selectivo ata alcanzar o do número de persoas que se queren contratar.

4.2. Proba psicotécnica (Cuestionario de Emplazamiento)

Esta proba está dirixida a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa motivación e adecuación ao posto de traballo.

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test explorando os aspectos indicados. O cuestionario que será entregado ao aspirante e formulado verbalmente, deberá ser cuberto polo aspirante.

Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista (psicóloga/o). Se nengún dos membros da comisión de valoración ten este perfil, nomearase un psicólogo/a que actuará como asesor da comisión de valoración.

A cualificación global desta proba psicotécnica será de apto/non apto.

4.3. Preferencia

C.I.F.P-1503100-H

Entre os/as aspirantes declarados aptos na proba psicotécnica, terán preferencia en caso de empate, as persoas que non perciban ningunha prestación ou subsidio, con cargas familiares e maior antigüedad en situación de desemprego.

5. Presentación de documentación e resolución de contratación

5.1 A comisión de valoración enviará ao servizo de persoal proposta de contratación dos aspirantes seleccionados para asúa contratación. Polo Servizo de Persoal do Concello de Culleredo, requirirase aos candidatos seleccionados para que no prazo de tres días hábiles contados dende o dia seguinte ao do requerimento, presenten a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- b) Certificado médico oficial, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posta.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- d) Copia compulsada da documentación presentada coa solicitude, acreditativa da situación a avaliar de acordo co disposto na base 4..

5.2. Se no prazo de tres días hábiles indicado no punto anterior, o candidato non presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que carecealgún dos requisitos sinalados na base primeira, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial. Neste caso requirirase a presentación da documentación co fin de poder ser contratado como persoal laboral temporal ao seguinte aspirante na relación de aspirantes por orde de puntuación acadada.



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Se non houbera máis aspirantes na relación de aspirantes enviada pola comisión de avaliación, procederase a realizar unha nova presentación de oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de acordo co especificado na número 2 destas bases, ou no seu caso a declarar deserto o proceso de selección.

6. Base final

O proceso de selección e contratación, e cantos actos administrativos se deriven del e da actuación da Comisión de Avaliación, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas.”

Consta no expediente informe da Sra. interventora xeral de data 14 de marzo de 2022 (código de documento UIT16I0062), que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DEL EXPEDIENTE UPO/2022/40 PROPUESTA DE APROBACIÓN DE LA “convocatoria e das bases da convocatoria para a selección, de xeito temporal, de 5 conserxes segundo o disposto na convocatoria e nas bases reguladoras de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluída a liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL) publicadas no BOP número 18 do 27 de xaneiro de 2022 e BOP número 22 do 12 de febreiro de 2022.”

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

C.I.F.P-1503100-H

1.- De conformidad con lo previsto en el artículo 11 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

De conformidad con lo previsto en el artículo 61 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.

2.- Según el artículo 20 Cuatro de la Ley 22/2021, de 28 de diciembre, de presupuestos generales del estado para el año 2022, no se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, cuestión esta que no considero suficientemente motivada.

3.- Respecto a la existencia de crédito disponible, la contratación estará supeditada a la concesión de la correspondiente subvención por parte de la Diputación Provincial de la Coruña, y a la consiguiente generación de crédito.

4.- No consta informe de Secretaría General.

CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida por no acreditarse la excepcionalidad, urgencia e inaplazabilidad que justifique la contratación temporal y porque el procedimiento no respeta los principios básicos de igualdad, mérito, capacidad y publicidad y,



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

en consecuencia, se formula el correspondiente reparo suspensivo por omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales (artículo 216.2 c) TRLRHL)."

Consta no expediente nota informativa de secretaría 24/2022 (código de documento USG16I0135), que transcrita di:

"NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

24/2022

Remitida ao portasinaturas da que subscribe Resolución da Alcaldía (código de documento UPO16I00GS) na que se acorda levantar o reparo UIT16I0062 formulado pola intervención municipal e continuar o procedemento, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

A) Dende o punto de vista formal:

A resolución remítense ao portasinaturas da que subscribe asinada polo sr. Alcalde sen que con carácter previo á sinatura se remitise o expediente a Secretaría para o seu exame, o que infrinxo o disposto no artigo 177 do ROF , e impide á que subscribe exercer axeitadamente as funcións que legalmente ten atribuídas a Secretaría da Corporación. Dado que dende o gabinete técnico se pasan a sinatura do órgano resolutorio resolucións sen que previamente se entregue a Secretaría o expediente para o seu exame(de feito todas as resolucións do servizo de persoal se presentan en secretaría xa asinadas desde que o dito servizo pasou a depender do gabinete técnico da alcaldía por acordo adoptado por resolución da Alcaldía do 27.10.2020), reitero unha vez máis o solicitado xa en reiteradas ocasións de que se remitan os expedientes a secretaría , con carácter previo a pasalos á sinatura do órgano resolutorio, para que poida proceder ao seu exame con carácter previo á resolución e así poder exercer as funcións legalmente reservadas pola normativa vixente a esta funcionaria de Administración local con habilitación de carácter nacional, xa que o incumprimento do dito precepto regulamentario impide á que subscribe o exercizo axeitado de funcións que lle atribue a normativa vixente.

C.I.F. P-1503100-H

B) En canto ao fondo do asunto, coas limitacións propias desta nota:

Primeiro.- O artigo 20 Cuatro da Lei 22/2021, de 28 de decembro , de Presupostos xerais do Estado para o ano 2022 establece que non se poderá contratar persoal temporal nin realizar nomeamentos de persoal estatutario e temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Consecuentemente suprime a contratación de persoal laboral temporal e os nomeamentos de funcionarios interinos, permitindo como únicas excepcións as contratacións que se deban a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables , conceptos estes que entrarían dentro do que se coñece como concepto xurídico indeterminado.

Este tipo de conceptos xurídicos indeterminados obriga a que sexa o órgano competente o que o determine e concrete en cada caso. Non se trata de deixar unha potestade discrecional en mans do órgano competente, senón de que este xustificadamente aprecie a concorrencia en cada caso das circunstancias que motivarían a excepcional contratación de persoal temporal.

Sen embargo esto non pode supoñer unha liberdade absoluta do órgano competente en orde á apreciación libre e discrecional das circunstancias concorrentes, senón que debe limitarse a determinar se concorre ou non o suposto de feito que habilita acudir á forma extraordinaria de contratación laboral temporal ou de interinidad. Igualmente a propia xurisprudencia e incluso algúns decretos teñen concretado ou acotado o que pode entenderse tanto como necesidades urxentes e inaprazables.

Así mesmo, os requisitos establecidos no presente artigo deben concorrer acumulativamente, isto é que en definitiva a contratación que se pretende levar a cabo terá que reunir estes criterios conxuntamente:



CULLEREDO
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

- 1.- a contratación pretendida debe ser un caso excepcional.
- 2.-debe ter como fin necesidades urxentes e inaprazables.

Así en canto a que se trate dun suposto excepcional de contratación, o diccionario da Real Academia Española da Lingua define excepcional como aquello que constitúe unha excepción da regra común, que se aparta do ordinario ou que ocorre rara vez.

Como é obvio tal excepcionalidade debe estar xustificada no expediente.

Neste sentido no expediente administrativo consultado non consta suficientemente xustificado este extremo..

Polo que respecta ao segundo dos requisitos podemos sinalar que resulta paradigmática e clarificadora a sentencia dita polo TSJ de Madrid, sala do contencioso-administrativo, sección 3ª, de data 10 de setembro de 2007, que se ben referida á interpretación do artigo 64.1 do Real Decreto 364/1995, esta Secretaría entende plenamente aplicable , e que no seu fundamento xurídico quinto establece que:

"Del tenor literal de dicho precepto claramente se sigue que el presupuesto de hecho habilitante para acudir a esta forma de provisión es la existencia de una situación de necesidad, que la norma califica como urgente e inaplazable, la cual permite excepcionar la forma normal de provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios que es el concurso de méritos (artículo 36.1 del mismo Real Decreto 364/1995).

Por lo tanto, la revisión de la legalidad de la actuación administrativa pasa necesariamente por analizar si la urgencia e inaplazable necesidad concurre en el caso planteado. Se ha de tener presente en este sentido que no estamos ante una facultad discrecional de la Administración, caracterizada porque la Ley misma le reserva un margen de apreciación para determinar cual sea la decisión adecuada de entre varias igualmente justas, sino ante lo que se ha denominado como concepto jurídico indeterminado, en el que existe una única solución posible, si bien no explicitada por la norma, lo que se traduce en el caso que nos ocupa en la determinación de si concurre o no el supuesto de hecho que habilita para acudir a la forma extraordinaria de provisión que es la comisión de servicios, es decir, si había una urgente e inaplazable necesidad de cubrir los puestos controvertidos; determinación que en modo alguno puede abandonarse sólo al juicio administrativo pues se estaría con ello propiciando un ejercicio arbitrario de la potestad, opaco al control judicial, cuando la norma ha querido condicionar la posibilidad de la comisión a un hecho cierto: la concurrencia de la situación de necesidad, que existe o que no existe, pero que no depende del criterio administrativo. Pues bien, es por ello igualmente innegable que la concurrencia de dicho presupuesto habilitante ha de resultar acreditada en el procedimiento administrativo y explicitada en la resolución de nombramiento, permitiendo en cualquier caso cuestionar la legalidad de la decisión mediante el análisis de la realidad del presupuesto de hecho en el que se asienta.

Sin embargo, en el caso de autos no hay otro indicio de que concurre real y verdaderamente la situación de necesidad, y que esa necesidad es urgente e inaplazable, que la mera consignación del artículo 64.1 del Real Decreto 364/1995 , en el Acuerdo de nombramiento, insuficiente para contrastar que, en efecto, resultaba urgente e inaplazable la cobertura de la plaza vacante por el mecanismo excepcional de la comisión de servicios. La necesidad urgente e inaplazable de cubrir una plaza mediante una comisión de servicios, no se acredita con la mera afirmación de la Administración de que existe tal necesidad y que ésta es urgente e inaplazable, porque la existencia de la necesidad, y el carácter urgente e inaplazable de ésta, son circunstancias de hecho que o concurren o no concurren, y que se pueden apreciar empíricamente acreditando el volumen de trabajo de la plaza, el trabajo pendiente que provoca la falta de cobertura de aquélla, la repercusión de la falta de cobertura del puesto de trabajo en el Servicio o Unidad en el que se halla, etc, es decir que la Administración puede y debe justificar que se dan las circunstancias que permiten acordar la comisión de servicios, y debe hacerlo aportando peticiones o informes de los responsables de la Unidad o Servicio, quejas, estadísticas, estudios sobre asuntos pendientes o documentación similar, que permita a los Jueces y Tribunales de esta Jurisdicción verificar que existe la necesidad urgente e inaplazable que impone la norma como presupuesto de hecho para acordar la comisión de servicios".

Polo tanto da lectura da citada sentencia queda claro que ten que xustificarse no expediente de xeito obxectivo a necesidade urxente e inaprazable da utilización dunha forma excepcional de contratación ou selección.

Sinalando así mesmo unha serie de formas ou medios de xustificación (volume de traballo da praza, repercusión da falla de cobertura no servizo, queixas, estadísticas, estudios etc...).

No presente expediente tampouco constan suficientemente xustificados este extremos.



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Finalmente sinalar que , a xuízo desta Secretaría, a financiación ao 100% do custo dos traballadores/as non pode suplir as citadas esixencias legais.

Segundo.- Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso que fose outro o criterio da Corporación fanse as seguintes consideracións:

2.1.-A esixencia contida na base 1 das da convocatoria que figuran no expediente, que inclúe como un dos requisitos para participar estar en desemprego e inscrito no Servizo público de emprego Galicia como demandante non ocupada ou atoparse nalgunha das situacions de exclusión social que indica non se axusta ao ordenamento xurídico.

E o mesmo cabe dicir verbo da selección do persoal que pretende realizarse mediante a presentación de oferta ante o Servizo público de emprego.

A xuízo da que subscribe, a utilización única e exclusivamente da presentación de oferta no Servizo público de emprego, sen que a mesma vaia acompañada dunha convocatoria pública non garante por sí mesma os principios de acceso ao emprego público de igualdade, libre concurrencia, carácter aberto dos procesos selectivos, publicidade, transparencia.

Neste sentido, e consonte coa postura mantida por esta secretaría, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela A Mancha (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, de 14 de xullo de 2003), recolle, en relación á selección de un AEDL no seu Fundamento de dereito quinto o seguinte:

"... A juicio de la Sala sin embargo estamos ante un procedimiento de selección de personal laboral al servicio de una Entidad Local en el que el hecho de que la misma se produzca en el marco de la actuación de fomento del desarrollo local e impulso de los proyectos de creación de empleo mediante la concesión de subvenciones y ayudas por el INEM de acuerdo con las bases establecidas por la citada Orden de 15 de julio de 1999 no puede modificar la necesidad de ajustar la selección de ese personal a los principios constitucionales establecidos en relación con todo el personal público por los artículos 23.2 y 103.3 de la CE por lo que resulta obligado efectuar dicha selección mediante convocatoria pública ajustada a los principios de igualdad, mérito y capacidad, tal y como predica para la Administración local el artículo 91.2 de la LBRL, que no permite introducir ninguna excepción para el personal laboral y tampoco para el personal no permanente, como es el caso, si bien es evidente que los procedimientos deben ajustarse a las características de este personal, sin que deban seguirse automáticamente los mismos sistemas que en el caso del personal laboral de carácter permanente...."

2.2.- O baremo contido na base 4 para a selección dos traballadores/as non cumple cos principios de mérito e capacidade.

2.3.- Cómpre destacar que a partires do 31 de marzo de 2022 será plenamente de aplicación a reforma do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores operada polo Real decreto Lei 32/2021. Desaparece a partires dessa data o contrato por obra ou servizo determinado quedando reducidos os contratos de duración determinada aos que indica o dito precepto legal, dentro dos cales non terá cabida as contratacions que se pretendan. Nin tampouco resulta de aplicación a disposición final 9ª do Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, xa que as entidades locais non contan con atribución competencial para a xestión de políticas de emprego, sendo o Estado e as Comunidades Autónomas quenes asumen ditas competencias tal e como se desprende do artigo 4 do Texto refundido da Lei de Emprego e da derogación do artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En atención ao exposto infórmase **DESFAVORABLEMENTE** a proposta do xefe de gabinete técnico de data 10 de marzo de 2022 co conforme da Concelleira delegada de seguridade cidadá e perosal relativa á contratación laboral temporal de 5 persoas (conserxes) (código de documento UPO16I00FW).

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame do asunto derivada da escasez de persoal en secretaría requieren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 10 de marzo de 2022 (código de documento UPO16I00FW), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS. PUBLICACIÓNNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

C.I.F.P-1503100-H

- Anuncio do 8 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, de requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2021/364). DOG núm. 56 do 22-03-2022.
- Resolución do 9 de marzo de 2022, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR604A). DOG núm. 57 do 23-03-2022.
- Resolución do 17 de marzo de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se amplía a dotación do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). DOG núm. 58 do 24-03-2022.
- Anuncio do 17 de marzo de 2022, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre do ano 2022 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 56 do 23-03-2022.
- Resolución do 22 de marzo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FOAI: Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2022 (FOAI/2022). BOP núm. 58 do 25-03-2022.
- Resolución do 24 de marzo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa DP0029 dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2022. BOP núm. 59 do 28-03-2022.

3.2.- RESOLUCIÓNNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resoluciónns da Concellería delegada da ÁREA de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/550/2022 de data do 09/03/2022, pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a



| | |
|---|--|
| Código do documento USG16I018K | Código do expediente USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA | |

instalación do subministro de enerxía eléctrica R.B.T.S. na parroquia de Orro, segundo o proxecto técnico que redactou o enxeñeiro técnico industrial, Don P. T. B.

- Resolución de data do 23/03/2022 pola que se informa favorablemente a transmisión da licenza municipal de taxi núm. 33 do Concello de Culleredo, a favor de R. F. A. F., ao entender que cumpre todos os requisitos.”

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da ÁREA de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 1 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.00 h:

Contacontos con Marisa Irimia: *Martiño e o paraugas máxico.*

Nenos/as de 4 a 11 anos.

CAMPAMENTOS DE PRIMAVERA CREA E RECREA

Dirixido a nenos/as de entre 3 e 12 anos.

As inscricións poderán facerse do 28 de marzo ao 1 de abril no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

Os días de campamento serán o 11, 12, 13 e 18 de abril, no CEIP Vila de Rutis.

Farase unha matrícula que se entregará no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo entre o 28 de marzo e o 1 de abril.”

C.I.F.P-1503100-H

3.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da ÁREA de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓN MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)**
conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*

| Data da resolución | Nº resolución | Obxecto da subvencións | Intensidade |
|--------------------|---------------|---|-------------|
| 14/03/2022 | 571 | Denegar a solicitude de ampliación do servizo municipal de Axuda no fogar a ***357** xa que non se manteñen as circunstancias que motivaron a concesión do servizo. | |
| 15/03/2022 | 576 | Declarar o desestimento da solicitude dos servizos municipais de Axuda no fogar, Xantar na casa e Teleasistencia domiciliaria formulado por ***0105** e procédese ao arquivo do seu expediente. | |



| | |
|---|--|
| Código do documento USG16I018K | Código do expediente USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA | |

| | | | |
|------------|-----|--|--|
| 15/03/2022 | 577 | Conceder a ***0542** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos). Conceder a ***0238** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos). | |
| 16/03/2022 | 582 | Declarar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por***9251** e procéderase ao arquivo do seu expediente. | |
| 16/03/2022 | 588 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar de ***4206** e***4929** e declarar concluso o procedemento. | |
| 16/03/2022 | 594 | Dar de baixa a ***7459** e ***7011** no Servizo de Xantar na casa. | |

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓN ECONÓMICAS MUNICIPALIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS)** de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013

| Data da resolución | Nº resolución | Tipo de resolución | Obxecto da axuda | Importe |
|--------------------|---------------|--|---|---------|
| 14/03/2022 | 565 | Conceder a ***4849** unha axuda económica. | Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (190€/mes), xaneiro a abril de 2022 (190€/mes) e parte de maio (18€). | 1.158€, |
| 14/03/2022 | 566 | Conceder a ****4548* unha axuda económica. | Para o pago de aluguer correspondente aos meses de outubro e novembro de 2021 (400€/mes) e parte de decembro de 2021 (358€) | 1158€ |
| 14/03/2022 | 567 | Conceder a ***0956* unha axuda económica para o pago de aluguer. | Correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 (400€/mes) e parte do recibo de xaneiro de 2022 (358€). | 1158€ |
| 14/03/2022 | 568 | DENEGAR a ***8580** as axudas para abono de aluguer. | | |
| 14/03/2022 | 569 | DENEGAR a ***9587** as axudas para abono de aluguer. | | |
| 14/03/2022 | 570 | DENEGAR a ***7919* as | | |



| Código do documento | Código do expediente |
|---|--------------------------|
| USG16I018K | USG/2022/47 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | 2J1Q 6328 2T3F 291Z 0XBA |

| | | | | |
|------------|-----|--|---|-------|
| | | axudas para abono de aluguer. | | |
| 14/03/2022 | 572 | Conceder a ***0448** unha axuda económica. | Pago da metade do total de cada recibo de electricidade do ano 2022. Pago da metade do total de cada recibo de auga do ano 2022. | 1158€ |

"

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H